

En marcha
a Área
Metropolitana
da Coruña



Páxina 5

O PSdeG
reivindica os
828 millóns de
euros do fondo
COVID



Páxina 7

A Xunta segue
restaurando o
santuario da
Nosa Señora das
Ermidas no Bolo



Páxina 10

Peatonalización
da rúa do
Comercio en
Chantada



Páxina 13

A Xunta reforza
a candidatura
da Ribeira Sacra
na Feira do Viño
de Amandi



Páxina 14



As 9 máquinas do polígono de Cabeço Alto, que bordea o Parque Natural do Xurés, desde a estrada de saída de Calvos cara ó Couto Mixto.

Máis de 70 aeroxeradores e 4 polígonos fecharán o horizonte entre o Larouco e o Xurés

Páxina 11

Entrevista



Julio Díaz Escolante,
presidente de ANPE – Galicia

“Imos tardar anos en
recuperarnos deste ano
e medio de pandemia”

Páxina 3



Editorial

Guillermo Rodríguez. Director



Que unha verdade non che estrague un bo titular

Esta frase é moi coñecida no eido da información. Reflexa, dalgún modo, o que hoxe pretendo comunicarlle aos meus sufridos lectores.

Partindo do que para min é un principio comprobado, que os medios de comunicación, en xeral (imos deixar un pequeno marxe para uns cantos que pidan quedar fora da queima) son tóxicos, tentarei expoñer unha cantas mostras dos efectos deste virus informático que non ten vacina nin se lle espera.

Todos os días podemos comprobar a inconsistencia das declaracións dos nosos políticos sobre calquera tema que teña como protagonista os membros do partido da oposición. Pouco importa que o que se declara sexa ou non verdade. O que importa é que a mensaxe chegue aos ouvidos daqueles que entendemos “son dos nosos” e temos que mantelos entretidos para que non se crean o que expón o partido contrario, sobre todo se está no poder.

Medios non nos van faltar. Cando eu era un crío, e non tan crío, toda a información que nos chegaba viña da man do Faro de Vigo. Era o non plus ultra nos eidos do rural e da vilas desta zona do sur de Pontevedra. Cando se falaba dun xornal todo o mundo pensaba no Faro, aínda que non fora tal. Xornal = Faro de Vigo.

Claro que os tempos pasaron e agora podemos falar de ducias de medios que non son Faros. Logo a posibilidade de que nos metan gato por lebre resulta multiplicada. Se ademais lle sumamos as chamadas redes sociais entón a marabunta de canles de información xa nos desborda. Claro que isto non tiña por que ser daniño se a súa utilización fora honesta, decente, axustada a verdade. Pero é aquí onde xorde o problema.

As opcións políticas dominantes dispoñen de medios chamados afíns. Obviamente non son todos exactamente iguais pero a finalidade das súas información non se apartan do mesmo código informativo: os meus deben ten un plus ao seu favor, por algo son nosos.

O problema non reside en que os medios nos enganen diariamente. O problema está en que nós, os lectores, non sabemos cando o están facendo. Cremos case todo o que se publica como certo porque entendemos que senón non sería publicado, alguén tomaría cartas no asunto e denunciaría os feitos como un delitos de desinformación grave. Isto non ocorre. O mundo funciona doutro xeito. Os lectores tragan todo o que lle boten e máis. Só é preciso

que a información saia dos que nós entendemos “son dos nosos”. Non pedimos máis. Xa poden soltarnos a troula máis grande que sempre teremos maneira de rebaixala. Como todos son iguais a min váleme, soemos dicir para xustificarnos a nós mesmos.

Eu podía expoñerlles aquí e agora ducias de informacións que foron falsas en orixe e seguen sendo falsas, obviamente. Poderíamos estar ata pasado mañá e non daríamos rematado. Vou, sen embargo citarlles unhas cantas; non importa o número. Ve-

decente, honesto? Non importa; era legal.


A luz subiu ultimamente unha barbaridade. Culpable, o Goberno, claro. Tiña que rebaixar os impostos estatais sobre cada recibo. Así se fixo, pero cando alguén dixo que a solución era que o Estado dispuxera de fontes de enerxía, chámense centrais eléctricas ou doutro tipo, que hai algunhas xa rematadas as concesións e o Goberno debe aproveitar a oportunidade para constituír unha central eléctrica pública, aquí xa se acenderon as luces largas. Non pode ser. Iso sería como unha nacio-

Claro que aquí outra vez se ven involucrados os propietarios dos medios, en xeral, que deben cotizar máis polos seus traballadores; non se pode xubilar aos funcionarios aos 50 e pico de anos, por exemplo. E máis cousas. Agora parece que as pensións se van subir aínda que a patronal siga poñendo pedras nos zapatos do Goberno.

Este caso, o das pensións, afecta a todos os cidadáns en xeral: ricos, pobres, medianos. Onde están os medios que se poñen a carón do Goberno informando en que consiste a subida e a quen vai beneficiar? Dan a noticia, faltaría máis, pero acto seguido podemos ler comentaristas poñendo en dúbida que iso poida ter moito recorrido. Mellor facerse seguros privados para a xubilación; mellor engrosar as contas das grandes empresas que están esperando fracase unha medida así tan social e necesaria. Ai está a indecencia. Os medios tratan de convencer aos cidadáns para que caian nas gadoupas das multinacionais dos seguros.

Asistimos a un discurso bronco dos partidos que non gobernan amplificadas polos medios. Xa non digamos as redes sociais que esas non hai quen as controle aínda que saibamos a quen benefician. Os medios escritos influentes deberan manter un código ético para que os lectores tiveran nas súas mans información seria, decente, honesta. Non todo vale o diga quen o diga. Deberán borrarse certas declaracións que se sabe son mentiras de raíz, non darlle carta de natureza como se foran dogmas. Iso sábeno os xornalistas, sábeno os directores dos xornais, sábeo todo o mundo aínda que miren para outro lado.

Pero que pasa cos cidadáns? Realízase unha enquisa e din que as opcións políticas que están envelenando aos lectores, que menten máis que falan, suben no ranking. Os beneficiados vólvense tolos e din “este é o camiño”; temos que seguir contando enganar, e gañando, que así medramos”. E os lectores sentados nunha cadeira dun bar tragándose todos estes embustes e crendo que lle están resolvendo os seus problemas. Isto é a miseria da información xeral deste País. Nin sequera utilizan unha linguaxe respectuosa, educada. Non se cortan. Poden chamarlle trileiros, embusteiros. Titulares ampulosos con información que se sabe viciada en orixe. Elevar a categoría o que non é máis que unha frase de taberna. Hai que captar a atención custe o que custe. É aí o significado do titular: que unha verdade non che estrague un bo titular.



xamos.

Cando comezou a pandemia e o goberno tomou unhas determinadas medidas no Parlamento todos estiveron de acordo. A proposta do goberno saíu adiante sen problemas. Isto durou pouco tempo porque os populares decatáronse de que o Goberno estaba gañando puntos e había que poñerlle algún tipo de cambadela. A terceira vez, creo, para renovar o acordo do Parlamento dixerón que non. Habería que tomar outras medidas sen especificar, realmente, en que consistían. O asunto era non darlle gas ao Goberno. Máis tarde presentan unha denuncia sobre os resultados daqueles primeiros plenos. Finalmente as autoridades xudiciais danlle parcialmente a razón e crean unha situación rocambolesca: piden medidas moitos máis drásticas das que se tomaron, pero mantiveron o pulso contra o Goberno que era o obxectivo. Os medios afíns, obviamente fixéronse eco deste procedemento e considerárono correcto. Era

nalización das empresas privadas. Aos ricos, que son dos nosos, non tocarlle. Normal, non podemos pedir que as opcións da dereita molesten aos ricos, pero si poderíamos esperar que os medios de comunicación informaran amplamente aos lectores en que consiste ese cambio de empresas eléctricas e como beneficiarían aos consumidores, tanto de dereita coma de esquerda, e aínda de centro se quedan algúns.

Por que non se ten informado con amplitude sobre este serio tema? Sería longo de explicar pero resumindo podo adiantarlles que esas empresas que producen electricidade son donas, na súa maior parte, dos medios de comunicación os cales deberán informar con total liberdade e claridade.

Falemos de pensións. Os gobernos anteriores non se atreveron a tocarlle. Non había marxe. Era imposible subilas. A caixa xa non tiña mais arandelas. Mentira. Hai marxe, hai arandelas e hai de onde sacalas.

Entrevista a Julio Díaz Escolante, presidente de ANPE – Galicia

“Imos tardar anos en recuperarnos deste ano e medio de pandemia”

Julio Díaz Escolante profesional da educación, ve como o ensino público en Galicia vai perdendo calidade fronte ao privado e concertado. O motivo estaría na redución de orzamentos que deberan

ir destinados aos centros públicos. A isto engade a necesidade de construír máis centros públicos dentro das grandes cidades galegas de cara a que o ensino concertado non absorba máis recursos.

-Cales son os obxectivos de ANPE (Asociación Nacional de Profesores) dentro do ámbito do profesorado?

Somos unha organización sindical que ten como obxectivo a defensa do profesorado do ensino público. Somos un sindicato independente de profesionais da educación pública, é dicir, a nosa é a defensa dos intereses do profesorado público.

-Tendo en conta a vosa defensa do ensino público e sobre todo, do profesorado da pública, como analizades a creación e presenza do ensino concertado?

Dentro da nosa organización non temos representantes do ensino concertado. Por outra parte, entendemos que non se pode prescindir do ensino concertado mentres tanto non haxa prazas abondo no ensino público. A nosa postura é que os recursos deben ir ao ensino público. Unha vez que as necesidades do público quedan cubertas, dentro das ofertas que se poidan mostrar aos pais, nós optamos porque sexan empresas privadas as que oferten. Aínda así, insistimos que a nosa postura é a de destinar todos os recursos cara o ensino público.

-A falta de prazas dentro do ensino público deberíase á falta de vontade política ou porque os orzamentos educativos non son suficientes?

Entendemos que nestes momentos a cuestión radica nas

grandes cidades, porque no rural non temos problemas de prazas. Dentro das grandes cidades non hai infraestruturas creadas, non houbo moita preocupación para crealas precisamente porque a concertada ocupaba ese baleiro. Por iso vemos a necesidade de apostar nas sete grandes cidades por ampliar a oferta pública de ensino.

-Os centros concertados non se poderían reverter ao público?

Son empresas privadas. Nós entendemos que a opción deba ser ensino totalmente público e ensino totalmente privado.



-Sobre o modelo que se emprega para o acceso aos libros de texto, cal é a valoración que tedes?

Non somos partidarios do modelo actual. Consideramos que para un ensino público de calidade todo tipo de recursos deberan ser subministrados pola administración. Somos conscientes que hai alumnos e alumnas a quen non só se lles deba mercar o material escolar, tamén habería

que subministrarlles outro tipo de axudas porque o alumnado do ensino público ten que competir cos mesmos medios que a privada. A solución é un ensino público totalmente gratuito e non só nos libros de texto senón en todo tipo de material. Algúns alumnos necesitarán menos axudas que outros cuxa situación obribe a mercarlles todo.

-Iso implicaría tamén mercar tablets ou portátiles?

Somos partidarios de que o alumnado dispoña de material a través de tres medios, quen non teña medios abondo teña axudas para mercar o necesario e quen non teña ningún medio para o acceso ao material escolar, realizarlle unha compra total para que os alumnos do ensino público poidan competir en igualdade de condicións. Se isto non é así, prodúcese unha fenda dixital onde as clases menos favorecidas son as máis prexudicadas.

-O acceso ás novas tecnoloxías dentro do ensino público. Cales son as grandes lagoas que quedan por cubrir dentro deste campo?

A cuestión é que non só é a subministración de elementos tecnolóxicos senón que a conectividade en áreas do rural é case nula ou non existe. Por tanto, cremos que o ensino virtual é unha falacia porque mesmo nós cando nos conectamos coa Consellería por vídeoconferencia temos



problemas coa Rede. O ensino de calidade tamén implica que haxa infraestruturas para a conexión a Internet cando sexa necesario o ensino a distancia en determinadas circunstancias.

-O feito de poder pasar de curso ou ter o título escolar obrigatorio correspondente, aínda cunha cadeira non superada, considerades que é unha decisión idónea?

O que percibimos é o desexo de reducir as taxas de abandono escolar a base de reducir o nivel educativo e iso non pode ocorrer. Dentro dun ensino de calidade ten que haber un esforzo por parte dos alumnos, en que haber unhas necesidades e requisitos a cumprir. Descafeinar as notas a base de “café para todos”, non é válido, así non temos un ensino de calidade. Non é de recibo que un alumno que non se esforza ao final reciba uns resultados iguais a outro alumno que se esforzou e traballa día a día. As normas están para cumprir, certo, mais un alumno debe ter todas as materias superadas e o profesorado cando sabe cando o alumno está preparado para promocionar, e se

non está preparado, os profesores tamén o saben. O caso é que se só cunha materia non conseguen reducir os índices de abandono, pasar a dúas para reducir o abandono escolar non ten sentido.

-ANPE está de acordo na contratación de profesores para reducir ratios por aula aínda que a COVID non afectase xa aos centros educativos?

Desde ANPE levamos tempo pedindo a esta Consellería (de Educación) manter o profesorado para reducir as ratios. Hai Comunidades Autónomas que manteñen o número de profesores para reducir ratios sen axuda do Estado, mentres o goberno galego di estar á espera. Reducir as ratios o ano pasado deu moi bo resultado. Mais reducir a distancia de 1,5 a 1,2 metros de distancia non ten sentido cando enfrontamos unha variante máis perigosa de COVID. A administración debe facer o esforzo de manter este número de profesores e mantelos durante un período de tempo longo, pois imos tardar anos en recuperarnos deste ano e medio de pandemia. Por iso é necesario manter estes profesores para reforzar o ensino.

Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Conciliarmos liberdade e saúde

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) rexeitou este sábado 14-A a autorización que lle pediu a Consellería de Sanidade da Xunta para a vixencia da súa Orde de 13-A na que se obrigaba ás persoas usuarias do interior dos establecementos de hostalería nos concellos cualificados de risco alto e máximo a amosar, quer o certificado de vacinamento ou de ter padecido a doenza nos últimos 180 días, quer unha proba negativa de Covid-19 das 72 horas anteriores.

Esta Orde reproducía a emitida o 22 de xullo, vixente até o xoves 12-A, cando o propio TSXG constatou a súa falla de vixencia por non ter pedido previamente a Xunta a autorización prevista na Lei da xurisdición contencioso-administrativa para



as medidas sanitarias que os Gobernos autonómicos coiden precisas e urxentes cando supoñan a limitación ou restrición de dereitos fundamentais e os seus desti-

narios non estean identificados individualmente. Decisión ésta que constituíu un grave erro, para nada desculpábel, da Xunta pola evidencia de que esa caste de “pasaporte covid” conlevaba tanto a comunicación a terceiros de datos persoais de máxima protección (o feito de estar vacinado ou de padecer ou non a doenza xerada polo Covid-19) como un tratamento desigual aos usuarios. Que había restrición ou limitación de dereitos fundamentais era evidente e só a Xunta non o viu.

Mais complexa era a decisión de admitir ou non estas restricións dos dereitos fundamentais (nomeadamente o principio de non discriminación e o dereito á intimidade persoal), por ser ou non esas medidas de saúde pública precisas, proporcionadas e acaídas á súa finalidade. O propio Ministerio Fiscal considerou nun procedemento xudicial coetáneo que estas medidas estaban xustificadas. Mais varias das axencias e autoridades de protección de

datos persoais do ámbito da UE dubidaron sobre a compatibilidade do “pasaporte Covid” co principio de non discriminación por i) non ser obrigatorio o vacinamento ii) existir colectivos que non poden vacinarse por razóns médicas ou doutra caste e iii) existir parte da poboación que aínda non lle foi ofrecido o vacinamento.

Nos vindeiros días coñeceremos os argumentos do TSXG, até de agora inéditos. Mais este proceso xudicial evidencia a necesidade de compatibilizarmos a eficacia e eficiencia das políticas sanitarias cos dereitos fundamentais e liberdades das persoas. Porque nin Galicia nin a Europa democrática en xeral poden loitar contra a Covid-19 ao xeito dos estados autoritarios ou totalitarios, ao xeito da China, Irán, Arabia Saudita ou dos Emiratos Árabes Unidos.



Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Nestes temas, feitos!

Din que empeza un novo curso político neste xeito de falar melódico e de harmonías adormecidas. O certo é que “o novo curso” é a continuación do que viña sendo, seguen ataques e descualificacións en correspondencia ou mentira. Trátase de magnificar e vilipendiar, insultar e agredir. E moita xente, entre a que me conto, comeza a estar até o gorro deste discurso que conduce a ningures. A falta de entendemento sempre nos prexudica a nós, representados que non nos sentimos na súa representación. É unha perda de tempo, precisamos feitos. Todos foron quen de se poñer de acordo nas súas subidas de soldo, nas prebendas especiais de tráfico e uso de servizos -que pagamos os demais- e, agora, dinnos que non son quen de chegar a un acordo para facilitarnos a vida, a nós os que lles pagamos as nóminas! Pois teñen moito temario por diante, por exemplo no tema da luz, aquela que nos furtaron desde as formas orixinais de enerxía, de encoros, de vento,

de luz e que agora, desde posicións de abuso en beneficios, martirizan e ameazan xunto a empresas que se fixeron co capital “furtado” e responden empoleirándose en custos.

Temos tempo para debullar pausadamente os temas, pero hoxe por mor de localizarme nos meus eidos, tan só quixera servir de eco de informacións recibidas dunha amizade. Os medios de masas, nin pío dixeran. Si, fálame de como seguimos a dar amparo ao escravismo, racismo e trato inhumano, aquí no noso arredor. Agora é moi manifesto aquí na miña Terra Cha de orixe. Son lugares onde se “contrata” xente para o traballo de recolla de froitos, mais en condicións de precariedade tal, que semellan escravizar á vella usanza. É unha forma de humillación que agocha odio e violencia, que se consente entre nós. Non funcionan os servizos de vixilancia e control, nin sequera se fan eco os representantes que arrogan tal condición “titular” nos foros de acordo social ou representa-

tivos, nin os moitos subvencionados medios masivos de persuasión. Miran cara a outro lado? Onde van as inspeccións de traballo, os supervisores dos dereitos fundamentais, controladores de inmigrantes e de persoas en paro, desprotexidas e marxinais en estado de asoballadas formas que entre nós habitan? Maníftase o racismo en descontrol, raian xa o inaudito.

Sucede na Terra Cha, en Pacios-Baamonde, en Guitiriz, no Arneiro (Cospeito). Unha empresa anubense, Surexport que explota tamén en Galiza aos temporeiros con salarios precarios, longas xornadas laborais, ameazas e sancións, vivendas moi miserables e en condicións deplorables. Así o denuncia mesmo un xornal “O salto Galiza” que dá conta das lamentables condicións nas que traballan, que se ven agravadas cando a xente que traballa é de fóra, entón abusan aínda máis e empregan modos de trato vexatorios e denigrantes. Estamos diante de trata de persoas, chea de insultos e malos modos, feudalismo extremo impensable nos tempos que vivimos e menos aquí, ao noso lado. Se calamos, somos cómplices co silencio. Nos locais que lles buscaron, malviven amoreados en

condicións penosas, en Castro de Riberras do Lea, vivían catro persoas por habitación individual, compartindo unha cociña para corenta persoas. Por riba sumouse a Covid e tiveron máis restricións e dificultades, mesmo se barallou o peche do hostel.

Hai sindicatos e asociacións que están pendentes de que isto se clarifique para poñer as cousas como é debido. Si, hai xente que está polo labor de que paguen os culpables, mais pregúntome unha vez máis por que non funcionan organismos que deben estar atentos con estas cousas básicas. Por que non hai persoal das administracións que leven a cabo un exhaustivo control e vixilancia do trato, da defensa dos dereitos humanos, do traballo en condicións dignas. Para colmo, como é posible que esa empresa conste como receptora de subvencións por parte da Xunta para mellora das condicións de traballo, e non cumpra? Agardamos feitos, sen máis palabras nin cánticos de serea. Feitos!



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

En marcha a Área Metropolitana da Coruña

O voceiro do goberno municipal, José Manuel Lage Tuñas, e a voceira da Marea Atlántica, María García, presentaron o acordo para impulsar a Área Metropolitana da Coruña que se concretará coa elaboración dun borrador de anteproxecto de lei que será presentado no mes de setembro diante da Comisión Especial da Área Metropolitana.

Cúmrese así o mandato do Pleno da Corporación do 3 de outubro de 2019, que contou cos votos a favor de PSOE, Marea, BNG e Cidadáns e a abstención do Partido Popular. Lage Tuñas considerou que esta é unha oportunidade "para saldar a débeda histórica que o Goberno galego ten coa Coruña e a súa área en canto a investimentos". Pola súa



banda, a voceira da Marea Atlántica, María García, subliñou que a proposta será remitida á Xunta de Galicia e ao Parlamento Galego.

A Área Metropolitana ten como principais obxectivos fortalecer as infraestruturas de co-

municación e transporte, o correcto desenvolvemento urbano do territorio e xestionar de forma coordinada diferentes servizos públicos co fin de evitar desigualdades e propiciar un espazo urbano potente e competitivo.

A Deputación segue apoiando o proxecto 'Viaje a la vida'

A Deputación da Coruña reafirma ano tras ano o seu apoio ao proxecto 'Viaje a la vida', da Fundación Tierra de Hombres en Galicia, que permite proporcionar atención médica nos hospitais da Coruña e Santiago a nenos e nenas procedentes de países de África.

A entidade, que recibe o apoio da Deputación dende os seus inicios no 2003, recibiu este ano unha subvención de 7.440 euros.

Un total de 113 menores con graves enfermidades foron tratados no CHUAC e no CHUS. O último caso é o de Khdeija, unha nena mauritana de 2 anos que foi operada no Hospital Materno Infantil dunha cardiopatía. Khdeija recuperouse favorablemente e xa está de volta coa súa familia en Mauritania.

A Fundación Tierra de Hombres, ademais de xestionar os



traslados desde os países de orixe nos que conta con delegación (Mauritania, Marruecos, Benín, Togo, Guinea Conakry, Senegal e Mali), conta con voluntarios e voluntarias que se encargan do acompañamento aos menores durante a súa estancia nos complexos hospitalarios.

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, eloxiou a labor da entidade e fixo fincapé no "bo fin que se lles dá ás axudas que outorgamos

a través das nosas liñas sociais". O delegado da Fundación en Galicia, Raúl Besada, destaca que o compromiso da Deputación da Coruña é moi importante "porque somos unha ONG que temos poucos socios e ter un apoio institucional dá a tranquilidade de poder cumprir a nosa misión e sufragar os traslados dos menores". Ademais, quixo destacar tamén a "axilidade que está a ter a subdelegación do Goberno para facer os traslados, algo vital".

Novos aparcabicicletas no Paseo Marítimo de A Coruña

O Concello instalou 19 unidades de aparcabicicletas máis polo Paseo Marítimo e arredores, que reforzará as existentes na súa aposta firme pola mobilidade saudable e por fomentar o uso da bicicleta entre a veciñanza. O Goberno de Inés Rey reivindica unha cidade sostible na que as/os coruñesas/es sexan os/as verdadeiros/as protagonistas. Do conxunto total, 14 destas infraestruturas son encaixadas e cinco colocáronse con parafusos nos accesos de Riazor e o Orzán, xusto na explanada das Escravas e a glorieta máis próxima á Fonte dos Surfistas. En concreto, hai cabida para catro prazas na contorna do colexio, catro nas inmediacións do Playa Club e unha unidade máis no número 9 da avenida de Bos Aires. En Barrié de la Maza, as persoas usuarias dispoñen de sete prazas máis, e na praza de María Auxiliadora instaláronse outras tres máis. Esta ampliación de aparcabicicletas suporá un incentivo de cara a que cidadanía opte por este vehículo para se desprazar pola cidade. Ademais, o Concello optimizará o servizo de BiciCoruña con 514 bicicletas máis (das que 172 serán



eléctricas), repartidas entre 55 estacións, das que 32 serán novas. Deste xeito, daráselle cobertura a zonas nas que antes non había plataformas de recollida e deixada de unidades, así como ancoradoiros e sistemas tecnolóxicos de software de xestión do servizo de bicicletas municipal. Ao longo deste mandato, aumentáronse 15,9 quilómetros de carril bici, que suman un total de 33,8 km de carril bici e 14,1 km de ciclocarrís. Esta cifra é similar, por exemplo, á extensión que lle dedica a este tipo de vehículos unha cidade coma Barcelona, tendo en conta os parámetros de distancia e poboación (km/10000habitantes). Neste aspecto, os carrís bicis habilitados, derivados do plan Coruña 30, permiten que a circulación en bicicleta sexa moito máis segura.

A Deputación impulsa o deporte con axudas de 692.000 euros

A Deputación da Coruña impulsa o deporte coruñés cunha liña de axudas de 692.000 euros dirixida aos clubs e entidades deportivas que contén con equipos ou deportistas que participen en competicións federadas de ámbito local, provincial ou autonómico durante o 2021.

Serán beneficiarias un total de 164 entidades deportivas sen ánimo de lucro da provincia. As contías destas van de un mínimo de 1.020 euros e un máximo de 6.500 euros. Da cifra total da liña de axudas, 21.000 euros corresponden a seis subvencións

concedidas provisionalmente condicionadas.

A liña de axudas dará apoio a deportistas e equipos en competicións de fútbol, fútbol sala, baloncesto, voleibol, balonmán, xadrez, natación artística, ciclismo, hockey, tenis, golf, kickboxing, padel ou patinaxe artística, entre outros.

Toda a información sobre a concesión provisional destas achegas na seguinte ligazón ao BOP: https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2021/08/09/2021_0000006198.html

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

PSG^{DE}
PSOE
/♥



UN PSdeG CON FUTURO AO SERVIZO DE GALICIA



GALEGUISTA



FEMINISTA



ECOLOXISTA



DE ESQUERDAS



O PSdeG reivindica os 828 millóns de euros do fondo COVID

O vicesecretario xeral do PSdeG, Pablo Arangüena, vén de reivindicar os 828 millóns de euros do Fondo Covid que achegará a Galicia o goberno do Estado. Estes feitos, incidiu “desmontan e desmenten ao señor Feijóo”, xa que Galicia é a quinta comunidade autónoma que máis fondos recibe “moi por riba do seu peso poboacional”.

“O goberno do Estado está cumprindo con Galicia como non cumpríu ningún goberno do PP”, sinalou o vicesecretario xeral do PSdeG logo de incidir en que “máis alá das palabras están os feitos” como as rebaixas da AP-9, “un feito histórico para Galicia que se cuantifica en 2.300 millóns de euros” anuais ata 2048.

Lamentou que esteamos “á cola do estado” en rastrexo covid, o peche de 600 camas na sanidade pública ou a situación dunha atención primaria “desbordada”, cuestión que ata “recoñece o concelleiro no Parlamento”.



ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

Outra mostra “da falla de compromiso e do escapismo” de Xunta e PP, censurou, “é que o concelleiro de Cultura veu a Coruña a tomarlle o pelo á cidadanía” cando “di que vai financiar a Orquestra Sinfónica de Galicia con 3,5 millóns de euros, o cal é falso”. “A Xunta segue incumprindo o convenio asinado en 2004, que establecía que, como mínimo, aportaría 3 millóns de euros”.

PORTO EXTERIOR

Doutra banda, Arangüena lamentou a situación que está a vivir o porto exterior, no que se investiron 1.000 millóns de euros, “pero que non ten tráfico”, cuestión que “depende da Autoridade Portuaria, que ten un presidente e un consello de administración elixidos pola Xunta”.

COMPROMISO DO GOBERNO DE ESPAÑA CON A CORUÑA

Arangüena aplaudiu o “compromiso” do goberno de España coa cidade nunha lexislatura “que está sendo moi positiva para A Coruña en termos de compromisos de inversión”. Exemplos son a ampliación da Ponte da Paisaxe, a adxudicación da pasarela de Pedralonga, a reforma de Alfonso Molina ou o proceso de rexeneración da Ría do Burgo “na que a Xunta puxo cero euros”.

Ademais, destacou, “está encarrilado” o ferrocarril ao porto exterior, a intermodal ou a cidade das TIC.

A Coruña recibiu á expedición Russian Ocean Way



O concelleiro Jesús Celemín recibiu no consistorio municipal á tripulación da expedición Russian Ocean Way: Eugeni Kovalevsky, xefe da expedición; Stanislav Bezrezkin, capitán do trimarán; Yulia Kolyuzhnaya, directora da Sociedade Xeográfica Rusa; e Pedro Mouriño, cónsul honorario da Federación de Rusia, que están dando a volta polo mundo para emularen a ruta dos primeiros

mariñeiros rusos.

A tripulación aproveita a viaxe de dous anos para realizar actividades formativas, culturais e científicas, así como un exercicio de achegamento e intercambio cos países en que recalan. Celemín felicitounos por conmemorar con esta expedición todas as exploracións dos últimos 200 anos e, en concreto, a que capitaneou Bellingshausen cando descubriron a Antártica.

O Concello cobrará ás empresas de telefonía móbil pola ocupación do solo

As empresas de telefonía móbil que operan no termo municipal da Coruña terán que aboar unha taxa pola ocupación do solo público coas súas instalacións. O Concello regula a través das súas ordenanzas a ocupación do solo público por parte de empresas privadas, mais até agora as compañías de telefonía móbil estaban exentas ao non existir un regulamento propio.

Dentro das medidas progresistas de xustiza fiscal promovidas pola alcaldesa, Inés Rey, figura a creación da nova ordenanza, que nos vindeiros días someterase a un período de exposición pública de 20 días e que entrará en vigor no 2022.

A nova ordenanza é froito do proceso de diálogo aberto coa Marea Atlántica, grupo co que se están a estudar novas medidas de xustiza tributaria a aplicar o ano

que vén, indicou o concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior, José Manuel Lage Tuñas.

As compañías pagarán unha taxa básica de 16,63 euros por metro cadrado de espazo público ocupado, cunha fórmula que ten tamén en conta o número de liñas de cada compañía e outras variables técnicas. En total, indicou Lage Tuñas, os servizos tributarios do Concello estiman que os ingresos anuais pola nova ordenanza achegaranse aos 1,5 millóns de euros.

“O Goberno de Inés Rey traballa nunha redistribución máis xusta da carga fiscal -explicou Lage Tuñas- equiparando ás empresas de telefonía móbil co resto de compañías que xa pagan polo uso do solo público”.

A taxa, que tamén se aplica noutras grandes cidades, permitirá aumentar os ingresos municipais para ofrecer máis e mellores ser-

vizos públicos. A nova ordenanza súmase á listaxe de melloras levadas a cabo por Inés Rey desde a súa chegada ao Goberno, melloras que supuxeron unha minoración da taxa de plusvalías para as rendas máis baixas e exencións e reducións por lixo, auga e saneamento a causa da pandemia, entre outras medidas de xustiza fiscal.

Deputación elabora guías especializadas para a igualdade de xénero

Área de Igualdade da Deputación da Coruña iniciou o proceso de licitación para a elaboración dunha colección de tres guías sobre transversalización do principio de igualdade de xénero nas políticas públicas.

O obxectivo é establecer pautas sobre os procesos de organización,

mellora, desenvolvemento e avaliación dos procesos políticos, de modo que a perspectiva de xénero se incorpore en todas as políticas, a todos os niveis e en todas as etapas. Con isto, dan continuidade ao plan de acción levado a cabo pola Deputación sobre políticas de igualdade a nivel provincial.



MIRANDA
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriamiranda.gal

Galicia

Redacción A CORUÑA

Gonzalo Caballero propón un gran acordo de país polo futuro da mocidade galega: “cómpre reverter xa o fracaso estrepitoso das políticas de Feijóo nestes 12 anos”

O secretario Xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, propuxo hoxe un gran pacto de país a prol da mocidade galega, con políticas que favorezan o seu acceso ao emprego de calidade, á vivenda e á educación pública. Este “gran acordo de país”, tal e como explicou o líder socialista, “ten como principal obxectivo darlle un futuro en Galicia aos nosos mozos e mozas”, unha xeración “que xa viviu dúas crises económicas”.

Gonzalo Caballero chamou a reverter “as políticas fracasadas de Feijóo en materia de mocidade”, que en 12 anos de goberno “abandonou á mocidade galega e non lle deu posibilidades de futuro de vida no noso país”. “Hai que reverter xa o fracaso estrepitoso das políticas da dereita”, urxiu Caballero, posto que “cada mes que pasa sen que a Xunta faga una nova política para a mocidade é un mes no que se perden posibilidades de gañar o futuro e a ilusión para construír una Galicia mellor”.

Por iso, o secretario xeral do PSdeG chamou hoxe a priorizar o emprego, a vivenda e a educación, así como as medidas que permitan rematar coa fenda dixital e que defendan o medio natural. Nesta liña, lembrou que “a reactivación ten que ser prioritaria á hora de establecer medidas, e non hai re-

activación posible se non contamos coa mocidade e se non lle damos unha oportunidade aos mozos e mozas de traballar, vivir e formarse na Galicia do século XXI”.

Ademais, o PSdeG propón este “gran pacto”, precisamente, ás portas da elaboración dos vindeiros orzamentos da Xunta. Gonzalo Caballero agarda que non se volva repetir una situación como a que se deu este ano, na que “o goberno do PP decidiu recortar os fondos de mocidade, o que non podemos consentir porque supón recortar as posibilidades de futuro dos mozos e mozas no país e recortar, en definitiva, o futuro de Galicia”.

EMPREGO

O emprego é un dos eixes fundamentais da proposta do PSdeG. Gonzalo Caballero apuntou que “é prioritario desenvolver políticas de emprego que dean contratos estables á xente moza”. Nesta liña, lembrou que “Galicia ten enorme dificultade para incorporar ao mercado laboral á mocidade, cunha das taxas de actividade máis baixas de España xa que en Galicia é do 56% mentres en España o é do 64%”.

“Hai pouca xente nova e moita dela non se incorpora ao mercado laboral, queda ao marxe da poboación activa”, explicou o líder socialista antes de engadir que, para máis, “cando entra no mer-

cado laboral faino con contratos precarios e de mala calidade”. Isto implica “un círculo vicioso con efectos nefastos para a mocidade ante o cal o PP non dá ningunha solución”.

O líder socialista recordou ademais que o PSdeG presentou na comisión de reactivación un plan de emprego de 10 millóns de euros, que permitiría ter contratado este ano a 3000 mozos e mozas. “E o PP votou que non”, censurou Caballero, para concluír que “hai que mudar isto, a Xunta debe facer una nova política de emprego xuvenil, debe ser aliada da mocidade e non poñerse de perfil porque non podemos seguir nunha situación na que os mozos e mozas teñen que emigrar ou estar sen traballar en Galicia”.

VIVENDA E EDUCACIÓN

En materia de vivenda, o líder socialista incidiu en que “non podemos seguir consentindo unha situación que impide independizarse á nosa mocidade”. E con ese obxectivo instou á Xunta a adoptar políticas que faciliten ao acceso a unha vivenda en propiedade ou en aluguer. Recordou que, en Galicia, só un 18 por cento dos mozos e mozas viven emancipados, o que nos sitúa “a anos luz de Europa”.

Gonzalo Caballero tamén lle reclamou á Xunta que “aposte pola educación pública digna e



accesible que permita desenvolver todo o potencial da mocidade galega”. Remarcou a necesidade de unha aposta clara pola formación universitaria dende o sistema público e polo desenvolvemento dos sistemas de Formación Profesional necesarios “para darlle futuro ao emprego daqueles mozos que optan por esa vía educativa”.

FENDA DIXITAL E ECOLOXISMO

Por último, o secretario xeral do PSdeG tamén puxo o foco sobre a necesidade de implementar medidas que aposten por aquela mocidade que quere ter una posibilidade de manter a súa vida no rural galego.

Neste obxectivo, dúas son as necesidades apuntadas por Caballero: Por una banda, un compromiso claro para a eliminación da fenda dixital e, en consecuencia, para ter “plenitude de acceso e velocidade na conexión a Internet

en calquera parte do país”. Por outra, apoiar o releve xeracional no sector primario cando hai xente moza que quere poñerse á fronte de explotacións, granxas ou empresas.

Tamén salientou Gonzalo Caballero como un compromiso coa mocidade “a defensa da ecoloxía e do dereito da mocidade a un futuro nunha Galicia verde e sostible e respectuosa co medio natural”.

O líder socialista rematou anunciando que “levaremos ao Parlamento galego todas as iniciativas que permitan reverter o fracaso estrepitoso das políticas de Feijóo en materia de mocidade tras 12 anos de goberno”.

Caballero realizou estas declaracións no marco dunha xuntanza de traballo con concelleiros e concelleiras socialistas novos, nunha xornada na que se conmemora o Día Internacional da Mocidade.

Uxía Tizón e Verónica Pichel, novas incorporacións á executiva do PSdeG

A deputada no Congreso Uxía Tizón incorpórase como nova secretaria de Activismo e Movements Sociais á executiva do PSdeG a proposta do secretario xeral, Gonzalo Caballero. Uxía Tizón é avogada e voceira adxunta da Comisión de Política Territorial e Función Pública do Congreso dos Deputados e amosou a súa “disposición para traballar polo partido con dedicación” e “para seguir impulsando o proxecto socialista” a carón do secretario xeral, Gonzalo Caballero.

A alcaldesa de Forcarei, Verónica Pichel, incorpórase á dirección do PSdeG como secretaria executiva a proposta do secretario xeral, Gonzalo Caballero. Verónica Pichel é a primeira socialista que logrou a alcaldía en Forcarei, polo que se trata dunha alcaldesa de referencia para todo o PSdeG.



A alcaldesa de Forcarei, Verónica Pichel con Caballero.

Ao respecto, Gonzalo Caballero subliñou que “Verónica Pichel é unha persoa con grande proxección no partido”, polo que amosou a súa “satisfacción” por poder contar con ela para seguir fortalecendo o proxecto socialista.

Caballero: “Feijóo debe rectificar ante os recortes na sanidade pública”

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, visitou Viveiro para respaldar unha nova concentración en defensa da sanidade pública en compañía da alcaldesa, María Loureiro. “Feijóo ten que rectificar xa os recortes e fortalecer a atención primaria. Se non o fai, terá que cesar ao conselleiro”, subliñou.

Criticou así que “non se están cubrindo baixas, xubilacións ou vacacións”, os retrasos de varios

días para a atención nos centros de saúde, o “retroceso” que supón o sistema de atención telefónica, a anulación de parte da lei de saúde polo Tribunal Constitucional e a saturación da web de citas do Sergas para vacinarse, entre outros aspectos.

Pola súa banda, a alcaldesa de Viveiro subliñou as “deficiencias” do centro de saúde da súa vila, cunha “falta de medios” que se viu agravada coa pandemia.

Os traballos no campamento romano da Cibdá de Armea (Allariz) sacan á luz unha cabeza antropoforma de pedra do século I

A Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo, a través do Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da Universidade de Vigo (GEAAT), colaboran na décima campaña anual de intervención arqueolóxica no xacemento romano da Cibdá de Armea (Allariz, Ourense). Trátase dunha intervención que xa rematou e que permitiu ampliar o xacemento en 200 novos metros escavados, a localización de estruturas de ocupación previa e a localización de numerosos retos materiais entre os que sobresaia unha cabeza de pedra de figuración humana, previsiblemente do século I despois de Cristo, que supón un dos poucos vestixios do seu tipo localizados ata o momento en Galicia.

A intervención estivo financiada pola Consellaría de Cultura, Educación e Universidade e polo Concello de Allariz no marco do convenio existente entre a entidade local e a Universidade de Vigo. Nela participaron membros do GEAAT, trinta estudantes en prácticas de titulacións afíns e procedentes de diferentes universidades estatais e persoal de apoio do concello. “O balance que facemos é moi bo. Consequimos escavar todo o que estaba previsto e con bos resultados”, explica Adolfo Fernández, director do proxecto.

Os traballos, indica o arqueólogo, consistiron en ampliar o xacemento cara o seu lado leste, escavando nunha nova finca colindante adquirida este ano polo Concello de Allariz e que permite

continuar descubrindo estruturas xa abertas parcialmente. Os traballos realizados, engade, amosaron de novo a potencia dun xacemento que “ten un estado de conservación case único en Galicia, xa que nel non houbo unha ocupación posterior da Cibdá que viñera a arrasar cos restos romanos, nin labores agrícolas que viñeran a danar a zona. Ao quedar abandonada converteuse nunha fraga e por iso se conserva tan ben”.

Ampliación cara o leste

Concretamente, explica Adolfo Fernández, na nova finca escaváronse arredor de 200 metros que permitiron ampliar o xa coñecido da rúa central da Cibdá, da domus ou vivenda leste, tamén chamada do tríscele, e da domus norte, tamén chamada do hexáscele. No caso da domus do tríscele, ampliando o xa escavado en anteriores ocasións, comenta o arqueólogo, “abriuse unha zona nova cara o leste e apareceu un atrio, que é como unha especie de patio enlousado onde se recollían as augas do tellado”. Trátase, indica, “dunha zona moi fermosa, espectacular, onde está o chan todo cuberto con pavimento de pedras de granito e apoios con grandes sillares para os postes de madeira, probablemente do tellado”.

Polo que respecta á outra gran domus do xacemento, a do hexáscele, Adolfo Fernández sinala que “ampliamos tamén a escavación cara o leste, abrindo unha zona bastante grande de continuidade desta casa e atopamos dúas novas estancias ou habita-

cións, cuxa funcionalidade aínda descoñecemos. Unha delas ten unha escaleira que salva un cambio de cota e dá acceso a novas estancias da gran domus”.

Por último, comenta o arqueólogo, ampliouse a zona aberta da rúa central do xacemento, que divide as domus do tríscele e a do hexáscele. Nas escavacións realizadas, apuntan os seus responsables, localizouse unha gran cantidade de restos materiais, como son miles de fragmentos cerámicos, vidro e moitos metais de bronce e ferro, como xoias, fragmentos de caldeiros e todo tipo de remaches.

Achado dunha cabeza de pedra

O proxecto deste ano tamén incluíu afondar na ocupación previa do xacemento. Así, debaixo das grandes domus xa descubertas, cuxa ocupación data do século II e século III despois de Cristo, o equipo documentou unha ocupación previa, tamén de carácter romano, do século I despois de Cristo. “Nas zonas onde non hai pavimentos de pedra nin elementos singulares seguimos baixando os pavimentos das casas ata chegar a rocha e atopamos niveis de uso doutros momentos anteriores”, comenta Adolfo Fernández. As pedras das estruturas ou muros previos que corresponderían a casas máis antigas e zonas artesanais, indica, foron amortizados ou reutilizados nas domus visibles actualmente.

Asociada a estas construcións máis antigas do século I despois de Cristo, o equipo da UVigo atopou



pou unha cabeza de pedra de figuración humana que estaría incrustada na parede desa casa máis antiga que está baixo das grandes domus visibles. “Trátase dun achado importante porque cabezas deste tipo hai moi poucas no contexto galego, arredor dunha vintena, e a maioría relacionadas con cabezas de guerreiros. Achar cabezas antropomorfas en ambientes galaico-romanos é moi pouco habitual, é un elemento de cultura material que non se atopa todos os días”, explica Adolfo Fernández.

O arqueólogo sinala como xa se teñen localizado dúas cabezas similares en Armea pero foi anos atrás e fóra dun xacemento. “O interesante desta cabeza é que apareceu en contexto arqueolóxico”, indica. A cabeza, que ten unhas dimensións aproximadas de 60 cm, faltándolle a parte inferior, está datada polos arqueólogos da UVigo arredor de media-

dos do século I despois de Cristo, sinalando como “aí tamén radica parte da súa relevancia, porque está nun contexto claramente alto imperial, queda claro o seu carácter romano”, lembrando como noutros casos parellos estas cabezas “asimílanse a contexto indíxena, castrexo”.

Segundo explica o equipo responsable do proxecto, o vestixio, que será trasladada ao campus de Ourense para o seu estudo, probablemente tivera un carácter protector da casa, da domus, e ten “un enganche que parece ser para amarrar unha corda e que puidera funcionar como amarra-doiro de gando”.

O proxecto continuará en outubro coa campaña de conservación e restauración, como en anos anteriores. Nela traballarase nas zonas escavadas este verán, realizando tarefas de consolidación de muros, tapado de estruturas e pavimentos e musealización.

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Galicia

Redacción OURENSE

A Xunta segue restaurando o santuario da Nosa Señora das Ermidas no Bolo

A Xunta de Galicia fará un novo investimento de 300.000 euros no santuario da Nosa Señora das Ermidas, no Concello do Bolo, para garantir o seu futuro e blindar a súa conservación e restauración. Esta nova achega permitirá actuar sobre a igrexa, os sorportais da Casa da Administración e nas zonas de visita pública. Os novos traballos súmanse aos que ten actualmente en marcha a Xunta de Galicia cun investimento superior aos 80.000 euros para reparar as patoloxías observadas nos distintos elementos construtivos do soportal-lonxa. Deste xeito, estanse solucionando os problemas de estanquidade existentes na cuberta de lousa ao tempo que se resolven os problemas de funcionalidade que se presentan na estrutura de madeira da cuberta e se melloran as condicións de estabilidade das

columnas de granito. O proxecto complétase coa eliminación dos elementos construtivos existentes nos ocos do cabido para recuperar a súa funcionalidade e imaxe, a renovación das instalacións de iluminación existentes e o acondicionamento dos paramentos interiores do cabido.

O santuario da Nosa Señora das Ermidas atópase situado entre os macizos das serras de Queixa, do Eixo e de San Mamede, nunha profunda garganta do río Bibei e próximo a unha das antigas rutas de penetración en Galicia, a Vía Romana de Astorga a Ourense, non lonxe do cruzamento coa Vía de Braga a Astorga. Goza dunha situación privilexiada, localizada nun anfiteatro natural que realza a súa arquitectura barroca.

Actuacións previas

Entre 2012 e 2014 a Xunta de Galicia desenvolveu un plan di-

recto do Santuario das Ermidas cun investimento de preto de 44.000 euros. Este documento recollía o estudo e conservación dos sistemas de contención de terras, cimentación e evacuación de augas e incidía especialmente nestes aspectos clave pola situación do conxunto sobre unha ladeira rochosa, o que condiciona a súa configuración.

Posteriormente, nos anos 2016 e 2017, o templo xa foi obxecto de mellora, neste caso, a través da reconstrución do muro derrubado do oliveiral e o seu contorno inmediato por un importe de 186.000 euros. Tratouse dunha obra de execución complexa na que se eliminou unha gran cantidade de material de recheo e entullos que se acumularon nas inmediacións do templo e que comprometían a súa estabilidade. Deste xeito, melloráronse as condicións de conservación e mante-



A directora xeral de Patrimonio Cultural, María del Carmen Martínez Insua, visitou o santuario.

mento dos terres e muros e remontouse o muro máis próximo ao adro. Estas actuacións, tendo en conta a nova adxudicación, superan os 600.000 euros investidos na última década.

Para poder realizar todas estas melloras, a Consellería asinou

un convenio de colaboración coa Diocese de Astorga para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración en varios inmobles eclesiásticos, entre os que se atopa este santuario.

Reabriuse o Museo Etnográfico da Limia

Despois de meses pechado por mor da situación sanitaria provocada pola Covid-19 o Museo Etnográfico da Limia reabriu o 25 de xullo con motivo da celebración do Día de Galicia. Dende este día as súas portas volverán abrirse cada semana os sábados e domingos en horario de 11:30 a 13:30 e de 17:30 a 19:30.

O Museo Etnográfico da Limia inaugurouse no ano 1992 na Escola Unitaria de Vilar de Santos, cunha colección de pezas etnográficas recollidas na comarca por un grupo de profesores e alumnos do Instituto de Xinzo de Limia. Tempo despois, o Concello de Vilar de Santos consegue a cesión da Reitoral da parroquia para a súa rehabilitación, decidíndose dedicar este espazo á preservación da Memoria dos Limiaos.

A restauración da Reitoral, edificio que data do século XVIII e que, no seu momento, pertenceu á Orde de Santiago como hospital de peregrinos, respectou e aproveitou todos os elementos construtivos, a madeira, a pedra, a



A entrada ao museo ten un prezo de 2€ por persoa, con descontos para grupos.

lareira, o patio, cos que contaba a casa nos seus orixes.

No ano 1996, concluída a rehabilitación e a nova exposición en salas temáticas que ensinan aspectos da vida tradicional da Limia, o Museo reabre as portas, converténdose nun lugar de encontro para a comunidade. Para iso, sempre se conta coa participación dos veciños en todas as actividades que se organizan, as

pezas foron doadas integramente por xente da comarca, vellos artesáns e labregos actúan como guías na exposición e as mulleres foron o motor que recuperou a tradición do tecido en liño, sendo as protagonistas dos diferentes obradoiros e iniciativas empresariais que se puxeron en marcha nos últimos anos. Sendo considerado na actualidade un dos mellores museos de Galicia no seu xénero.

O GES de Maceda atenderá sete concellos



O GES terá sede no consistorio.

O Concello de Maceda recibiu nos últimos anos máis de 243.000 euros de axudas da Vicepresidencia primeira para a mellora da accesibilidade e ampliación das oficinas municipais, actuacións de eficiencia enerxética na luz pública no bosque do castelo de Maceda, e a humanización da praza de Alcatruz no casco vello de Maceda, entre

outras actuacións

Natalia Prieto, directora xeral de Administración Local, indicou que Maceda será un dos concellos que contará cun novo Grupo de Emerxencias Supramunicipais (GES), este mesmo ano. Dará cobertura aos concellos de Baños de Molgas, Esgos, Maceda, Paderne de Allariz, Vilar de Barrio, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo.

Máis de 70 aeroxeradores e 4 polígonos fecharán o horizonte entre o Larouco e o Xurés

A plataforma “Stop Eólicos Xurés Celanova” presentará alegacións en setembro

A plataforma “Stop Eólicos Xurés Celanova” denuncia que unha liña de máis de 70 aeroxeradores –un cada 380 metros– cubrirá os cumios da Serra do Larouco até o Alto do Candal, no Parque Natural do Xurés. Una pantalla visual con severas afeccións para a avifauna pechará o sur da Galiza cunha liña de muíños case en paralelo á raia, con 4 polígonos de explotación industrial eólica entre os concellos de Cualedro, Baltar, Calvos e o portugués de Montalegre.

A reactivación dos proxectos Tramontana e Mistral no Concello de Baltar, con 15 aeroxeradores en conxunto, que permanecen opacos á opinión pública, saltou á palestra a principios de agosto coa publicación do documento inicial da Liña de Alta Tensión (LAT) que evacuará a enerxía producida neste complexo até a subestación do Salas, en Muíños, atravesando a Reserva da Biosfera Gerês – Xurés.

Os polígonos de Tramontana (ao leste) e Mistral (ao oeste), situados na parroquia de Vilamaior da Boullosa (Baltar) e separados por menos dun quilómetro, darían continuidade á liña do megaparque que Iberdrola chantou sobre o Larouco, en Cualedro, que conta xa con 49 aeroxeradores e que ficaría apenas a 2 quilómetros da explotación de Tramontana. Men-

tres, na parte oeste, o desenvolvemento da explotación de Mistral enlazaría co polígono portugués do Cabeço Alto, do que o separarían uns tres quilómetros. O polígono Cabeço Alto linda co Parque Natural do Xurés, mais está situado do lado portugués. Esta explotación en territorio luso, da empresa Iberwind, é visíbel desde Muíños, no planalto do encoro do Salas, e desde Calvos de Randín. Come-

é dicir, unha media dun muíño cada 380 metros, ou o que é o mesmo, unha pantalla no horizonte visíbel desde todo o Val da Limia.

Mais destes proxectos de Tramontana e Mistral apenas hai máis información pública que o mapa da Rede Galega Stop Eólicos. O plan inmediato da empresa promotora é superar o trámite da LAT que unirá as dúas subestacións destes polígonos co nodo de Salas, en Mugueimes. O pasado 4 de agosto presentou a exposición pública o documento inicial, un



Subestación de Naturgy en Mugueimes onde remataría a LAT despois dun percorrido de 27 quilómetros con graves afeccións ambientais.

zou a operar no ano 2000. Iberdrola explota o polígono do Larouco desde o 2002.

De concretarse os plans empresariais, a liña entre Lucenza, ao pé do Larouco, e o Alto do Candal, uns vinte quilómetros ao suroeste, tería 73 aeroxeradores;

texto de 210 páxinas asinado por Martín Domínguez Díaz, graduado en Ciencias Ambientais e responsable de medio ambiente da empresa Sertogal S.L., con sede en Ourense, e que fixo as prácticas do grao na asociación ecoloxista Amigos da Terra. No informe, con data de 1 de xullo pasado, figura como promotora a firma PE Mistral 4W con sede en Cádiz.

Alegacións

“Stop Eólicos Xurés Celanova” coñeceu o documento a través da información que nas redes sociais están a proporcionar as diferentes plataformas que loitan contra a invasión eólica no país. Durante as próximas semanas, “Stop Eólicos Xurés Celanova” consultará con diferentes expertos para presentar as correspondentes alegacións ao proxecto da LAT ao tempo que irá facilitando información sobre os impactos que o documento inicial contempla e



Plano do proxecto da LAT que invade a Reserva da Biosfera a partir do termo municipal de Calvos e discorre en paralelo ao Parque Nacional.

outros que poida obviar.

A LAT denominada de “evacuación conjunta” dos polígonos en proxecto, discorre durante 27,2 quilómetros na zona da Veiga Grande, ao suroeste de Coto Farelo, e Mugueimes, onde a subestación procesa as augas que baixan canalizadas desde o encoro do Salas e verte no das Conchas. A subestación de Salas é propiedade de Naturgy, e é unha subestación de 132 kV de potencia, subxacente do nó da rede de transporte da

Reserva Transfronteriza Gerês-Xurés, que tiene que ser invadida irremediamente para chegar a la Subestación colectora de Salas.

A invasión sí ten remedio, ao contrario do que sostén o exbecario de Amigos da Terra agora a soldo das compañías de explotación enerxética.

O prazo para as alegacións remata o 16 de setembro, e “Stop Eólicos Xurés-Celanova” confía en ter lista a resposta á empresa antes do 4 de setembro, cando



A Serra do Larouco entre a parroquia da Boullosa e Montalegre, onde se sitúan os novos proxectos de explotación eólica.



Frieira, de 220 kV.

Dous terzos desta liña invaden a Reserva Transfronteiriza Gerês-Xurés. A desfeita é recoñecida mesmo polo propio autor do informe inicial da empresa nos seguintes termos: “En la zona de actuación (...) está presente la

se celebrará en Celanova a I Marcha en Defensa da Casa da Neve, un dos proxectos da invasión que pretende inzar de aeroxeradores toda esta parte do sur da Galicia e contra a que xa está en marcha unha ampla contes-tación veciñal.

O audiovisual 'A Verba Viva' incide no valor paisaxístico, cultural e lingüístico da Ribeira Sacra

A Ribeira Sacra é un dos nichos naturais, paisaxísticos, monumentais, turísticos e lingüísticos de Galicia e precisamente niso quere incidir este documental audiovisual que percorre os seus espazos máis emblemáticos incidindo especialmente nos seus valores culturais e lingüísticos", destacou o representante da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, quen sinalou que a peza completa estará "dispoñible próximamente en aberto para consumo e divulgación de toda a cidadanía desde o Portal da Lingua Galega". No acto de presentación, que acolleu o Pazo de San Roque, asistiu Mercedes Vázquez, colaboradora de Chantada Comunicación, produtora que dá a lume A verba viva. Ribeira Sacra. Paisaxe cultural e

patrimonio lingüístico.

Percorrido poderoso pola ribeira

A verba viva. Ribeira Sacra. Paisaxe cultural e patrimonio lingüístico é un percorrido pola Ribeira Sacra desde o seu núcleo. Unha viaxe audiovisual a unha paisaxe cultural única que só poden ser entendidas desde as claves que rexon o patrimonio humano e os seus e as súas protagonistas: os ribeiras e as ribeiras, que achegan o público espectador de primeira man á verdadeira identidade do territorio. A propia conversa coa veciñanza fai emerxer dos ríos Sil e Miño a lingua e a fala propias dun xeito natural: unha boa parte das verbas singulares que definiron e definen a vida en forte pendente, o patrimonio, a paisaxe, a viticultura e



Presentación do audiovisual.

as tradicións.

A verba viva pretende, para alén de entreter e guiar ao espectador, promocionar a Ribeira Sacra e afondar no seu patrimonio lingüístico co obxectivo de recoller, recuperar e divulgar a lingua e os termos propios do xeito de vida

da ribeira: artesáns e artesás, viticultores/as con herdanza familiar e amantes do río e da terra.

No Portal da Lingua Galega

O documental audiovisual, de algo máis dunha hora de duración, foi dirixido por Lorena Gallardo e Humberto Novoa, e producido

por Chantada Comunicación, estará próximamente dispoñible, en aberto, desde o Portal da Lingua Galega.

Foi gravado no inverno de 2021 en varios concellos da Ribeira Sacra localizados nas provincias de Lugo e de Ourense, coas colaboracións e participacións, entoutros, do filólogo e profesor Anxo González Guerra; do divulgador e contacontos ambientalista Anxo Moure; dos artesáns Elías de Gundivós, Fernando Ibarra, Manuel Gómez (Manolete); do viticultor Primitivo Lareu; de Sonia Faria, guía do Ecomuseo do Pazo de Arxeriz (O Saviñao), e de Ana Cortiñas, veciña da ribeira. Conta tamén coa colaboración musical de Searas, en directo, e do grupo Gancho Sanches nos créditos.

As obras de eficiencia enerxética no colexio de Sober saen a licitación

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén de licitar as obras de mellora da eficiencia enerxética do colexio Virxe do Carme de Sober, ás que destina un orzamento de 260.400 euros. Os traballos mellorarán o illamento térmico, diminuirán o consumo en luz e calefacción e, polo tanto, reducirán os custos de mantemento e a emisión de gases de efecto invernadoiro á atmosfera. Igualmente, construírase unha rampla para mellorar a accesibilidade.

As obras contarán cun prazo de execución de tres meses. Consistirán na substitución das carpinterías que aínda non foron renovadas por outras de aluminio anodizado con rotura de ponte térmica, abatibles, con vidro dobre baixo emisivo e con novas per-



O proxecto contempla o cambio de carpinterías, luminarias e radiadores.

sianas. Así mesmo, cambiaranse as luminarias de tubos fluorescentes por outras tipo LED de última xeración, instalando sistemas de detección de movemento para o acendido e apagado das luces. Por último, proxéctase a substitución dos radiadores obsoletos de chapa por outros de elementos

de aluminio.

Tamén se colocará a tarima flotante na zona do salón de actos, levantando dous tabiques novos con portas interiores; o acondicionamento de remates do falso teito, ou a substitución dos capitalzados de madeira sobre as ventás.

O peirao de Viveiro xa téñ novo pantalán

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, vén de instalar un novo pantalán no porto de Viveiro para dar servizo á actividade de pasaxe. Dita instalación entrará en servizo esta mesma tarde e será empregada de xeito inmediato pola empresa concesionaria do transporte de pasaxeiros que opera nesta dársena lucense.

Esta nova dotación contou cun investimento de preto de 20.000 euros e supón un reforzo da seguridade dos usuarios do servizo de pasaxe ademais de contribuír á correcta ordenación das actividades portuarias. A empresa de pasaxe que opera no porto de Viveiro realiza unha ruta de carácter turístico pola ría da localidade.



A obra foi de Portos de Galicia.

A igrexa de Pombeiro, unha das xoias románicas da Ribeira Sacra, será restaurada

Na igrexa de San Vicente de Pombeiro, en Pantón, están en marcha unhas obras de rehabilitación que teñen como principal obxectivo eliminar as filtracións de auga que padece o edificio, un dos monumentos románicos máis destacados da Ribeira Sacra. Os traballos, que corren a cargo da Consellería de Cultura e contan cun orzamento de 260.000 euros, empezaron a finais de xuño e teñen un prazo de execución de seis meses.

O proxecto comprende a renovación da cuberta do edificio, o acondicionamento da base dos muros e a mellora da carpintería das xanelas. Tamén está previsto renovar os rejuntados das fachadas exteriores e o pavimento do atrio, así como substituír a porta da sancristía.

O delegado de patrimonio histórico da Diocese, César Carneiro, sinala que suprimir as filtracións de humidade é unha medida imprescindible non só para garantir a conservación do edificio, senón



Igrexa románica de Pombeiro no municipio de Pantón.

tamén a do valioso patrimonio artístico existente no seu interior. No templo consérvase un importante conxunto de pinturas murais de estilo renacentista -descuberto en 1996- e varios retablos, entre os que destaca o maior, datado a comezos do século XVIII e vinculado ao taller do escultor Francisco de Castro Canseco. "Cando terminen os traballos de impermeabilización haberá que valorar se é necesario intervir nestas obras de arte, aínda que as pin-

turas murais parecen atoparse en bo estado", sinala Carneiro.

A de Pombeiro é unhas das dúas igrexas románicas da Ribeira Sacra lucense que están a ser sometidas a un proceso de restauración. A outra é a de Santo Estevo de Ribas de Miño -no Saviñao-, onde as obras empezaron a principios do pasado novembro. Neste caso, o período de execución é de nove meses. Leste outro proxecto tamén é levado a cabo pola Consellería de Cultura.

Artesanía de Galicia no Courel para divulgar os oficios artesanais

Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta organizou "Artesanía de Galicia no Courel" para impulsar a divulgación e posta en valor os oficios artesanais, dar visibilidade á marca Artesanía de Galicia e fomentar o relevo xeracional no sector.

Os visitantes coñeceron de preto a esencia de Galicia a través dun amplo programa de obradoiros de artesanía que se impartiron na sede da Fundación Uxío Novoneyra, no Centro Sociocultural Fondo de Vila e nas antigas escolas unitarias de Parada e de Froxán.

Foron un total de 16 os obradoiros que se realizaron destinados a iniciarse en diferentes oficios como son a ourivería, a ilustración, o gravado, o manipulado de papel, a cestería, o bordado, a madeira, a olería, a creación de cianotipias



A iniciativa incluíu 16 obradoiros de iniciación a diferentes oficios.

ou a estampaxe.

Durante a visita, o director xeral de Comercio e Consumo destacou a importancia da divulgación dos novos oficios artesanais a través de demostracións como estas, como unha das vías máis efectivas para lle achegar á sociedade os valores que implica a marca Artesanía de Galicia e o feito a man.

Tamén os obradoiros Cesta con

asa de madeira e Botellas forradas con fibras vexetais, dirixidos por Julia de la Cal, de La Parabólica (O Porriño); Bordado botánico, impartido por Minia Banet, do obradoiro Variopinto (Santiago de Compostela); e o curso de Restauración de mobles de madeira, a cargo do obradoiro A Factoría Atelier (O Grove).

A programación de Artesanía de Galicia no Courel inclúe ademais unha serie de obradoiros gratuitos abertos ao público adulto e infantil. Trátase de Iniciación ao torno cerámico, dirixido polos ceramistas Susana González, do obradoiro Terralume (A Coruña) e Carlos San Claudio (Vigo); e Creación de cianotipias, Papel marmolado, Elaboración de papel e encadernación artesanal, A técnica do Transfer e a Técnica do Gytaku, a cargo dos artesáns María José Martínez e José Antonio Carrera (Vigo).

Peatonalización da rúa do Comercio en Chantada



Manuel Varela e Ángeles Vázquez.

Aconselleira, Ángeles Vázquez, e o rexedor, Manuel Lorenzo Varela, asinaron o acordo de colaboración, onde se recolle que a Xunta licitará as obras unha vez que se conte co proxecto redactado polo Concello, que tamén asumirá o mantemento e conservación, unha vez recepcionadas as actuacións, e un 30% do

orzamento da actuación (case 82.000 euros).

Ángeles Vázquez indicoulle que este tipo de iniciativas son prioritarias para o Goberno galego, que aposta por apoiar e financiar proxectos cos que se melloren os espazos das vilas galegas e, sobre todo, aqueles que melloran a funcionalidade e dan prioridade de uso aos veciños.

O Castro Monte Cido, no Courel, será escavado

AXunta de Galicia e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), a través do grupo de investigación EST-AP do Instituto de Historia (IH) do Centro de Ciencias Humanas e Sociais (CCHS), colaboran nunha escavación arqueolóxica no Castro Monte Cido, no Courel. Trátase da primeira vez que se realiza unha campaña neste espazo e o obxectivo é entender as formas de poboamento nas serras orientais galegas na transición da Idade de Ferro ao comezo da dominación romana.

A actuación, financiada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, xorde por iniciativa da Asociación de Desenvolvemento Rural Serra do Courel e da Asociación Cultural San Xoán de Seoane do Courel e conta tamén coa implicación do Concello de Folgoso do Courel.

"O castro Monte Cido nunca foi obxecto dunha escavación arqueolóxica, pero hai evidencias

de que del proceden a táboa de hospitalidade do Courel e a aguia de Carbedo, unha das principais testemuñas do paso das lexións de Roma polos montes orientais de Lugo", explica Brais X. Currás, investigador do IH e director do proxecto de escavación. Para o desenvolvemento desta escavación cóntase coa codirección de Luís F. López González, da empresa Terra Arqueos S. L., autor dunha tese doutoral sobre o poboamento antigo nas montañas do Courel.

O obxectivo da intervención é comprender as formas de poboamento nas serras orientais galegas na transición da Idade de Ferro ao comezo da dominación romana, incorporando a explotación do ouro como vector determinante. Ademais, búscase indagar na súa cronoloxía, a súa función dentro do poboamento das montañas do Courel, a súa relación coa estrutura do territorio e a explotación do ouro e cal era o hábitat que albergaba.

Galicia

A Xunta reforza a candidatura da Ribeira Sacra na Feira do Viño de Amandi

Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, participou na XLI Feira do Viño de Amandi, na localidade lucense de Sober, desde onde reafirmou o compromiso do Goberno galego coa candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial. Neste sentido lembrou que a decisión estratéxica de aprazar o último paso da presentación da candidatura ao Comité do Patrimonio Mundial da Unesco ten como obxectivo reforzala.

Román Rodríguez explicou que a Xunta de Galicia e o Goberno central van traballar de forma conxunta no reforzo e revisión de aspectos da candidatura. “O noso compromiso continúa intacto e seguimos traballando, con máis forza se cabe ca nestes últimos anos, para protexer e impulsar a Ribeira Sacra”, dixo o conselleiro, destacando o labor realizado ata o momento, “neste camiño cara a inclusión na Lista de Patrimonio

da Humanidade.

O titular de Cultura do Goberno galego referiuse tamén ao potencial desta zona “capaz de xerar riqueza a través dos seus produtos” como é o caso do viño de Amandi do que se celebra o seu día grande nun acto que tivo á artista Eva Amaral como pregoeira de honra. “Só podemos construír o futuro da nosa Comunidade en harmonía co mellor do noso pasado”, abondou o conselleiro, que aproveitou para agradecer a celebración desta Feira que contribúe ao impulso socioeconómico da Ribeira Sacra a través da cultura, do patrimonio, do turismo e da enogastronomía.

Cata de viños de Amandi

A segunda e última xornada da XLI Feira do Viño de Amandi acolleu a cata final dos viños expostos entre os que resultaron premiados: na categoría de viños xoves da añada de 2020: Don Bernardino, Rectoral de Amandi e Cruceiro. Adega gañadora na

categoría de brancos da añada de 2020: Regina Viarum. Outras añadas: Garoubas, da adega A Carqueixa.

Entregaron os premios o alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián; o conselleiro de Medio Rural, José González; o director da Agacal, José Luís Cabarcos; a xefa territorial de Medio Rural, Olga Iglesias; o deputado provincial de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera; e o alcalde de Chantada, Manuel Lorenzo. Tamén se fixo entrega dun agasallo ao Concello de Chantada, convidado de honra nesta edición, e do primeiro premio do concurso de deseño de carteis a Eduardo Pérez Bahamonde.

O Concello de Sober agradece o bo comportamento dos asistentes e a activa participación dos adegueiros ano tras ano e pese ás extraordinarias condicións desta edición. Luís Fernández Guitián, alcalde de Sober, cre que “a feira se



Adegas premiadas.



Eva Amaral coas autoridades.

consolida como un escaparate do viño de Amandi” e explica que “se fai en sinal de homenaxe aos seus

produtores. Un día de festa para viticultores e adegueiros, un día para compartir”, destaca.

Ribeira Sacra reúne máis da metade da superficie para polígonos de viñedo

Ribeira Sacra reúne máis da metade da superficie demandada polas denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia para desenvolver polígonos de viñedo. En concreto, esta denominación solicitou recuperar para a plantación de vides máis de 5.800 hectáreas de parcelas en estado de abandono ou infrutilización, das máis de 10.000 ha demandadas polas cinco denominacións de orixe dos viños galegos.

Así o destacou o conselleiro do Medio Rural, José González, na súa intervención no acto de entrega de premios do concurso da XLI Cata dos viños de Amandi, en Sober. José González explicou que esta superficie esténdese ao longo das diferentes subzonas de Ribeira Sacra, tanto de Amandi como de Chantada e de Quiroga-Bibe e das ribeiras do Miño e do Sil.

O conselleiro agradeceu o labor do Consello Regulador da denominación de orixe á hora de delimitar estas zonas e de traballar para localizar os mellores terreos da contorna. Unha iniciativa que González enmarcou na Lei de recuperación da terra agraria, que dixo- “tamén está pensada para a Galicia vitivinícola”. Puxo en valor este sector, que cualificou como “un dos máis dinámicos da nosa economía agraria”, por ser quen de xerar sinerxías con outras actividades complementarias, como é o enoturismo. Precisamente, engadiu González, neste contexto a Estratexia de dinamización das comarcas vitivinícolas de Galicia impulsada pola Xunta co sector e recentemente presentada “vén para mellorar decisivamente o posicionamento dos nosos viños”, entre eles os de Amandi e da Ribeira Sacra, nos mercados nacionais e internacionais.

Valor engadido

Trátase, sinalou González, de “xerar valor engadido” e de “ser máis competitivos” para mellorar, se cabe, a xa magnífica posición e recoñecemento do que gozan os viños galegos dentro e fóra da nosa comunidade. Así, engadiu o conselleiro, o viño ten que se consagrar como elemento dinamizador das comarcas vitivinícolas pola man dese valor engadido.

Nesta liña, José González destacou tamén o compromiso da Xunta co sector, que se pon de manifesto a través de diferentes liñas de axudas e, nomeadamente, do préstamo vendima, unha medida aplicada xa o ano pasado e que este ano se retoma por parte da Consellería. O seu obxectivo é apoiar a compra de uva a prezos normais de mercado, diante das dificultades que está a ocasionar a pandemia ás adegas.

O castro de Castromaior, en Portomarín, da Idade de Ferro, foi acondicionado


A Xunta de Galicia vén de rematar os traballos de acondicionamento do poboado fortificado da Idade de Ferro de Castromaior, en Portomarín, que consistiron na súa limpeza e consolidación. Para dar a coñecer o resultado organizouse unha xornada de portas abertas. Dita visita parte do propio asentamento situado na parroquia de Santamaría de Castromaior, e conta con varios arqueólogos que formaron parte da campaña.

O castro está datado entre os séculos V a.C e I d.C., e destaca pola súa gran extensión -ao ocupar máis de cinco hectáreas ao carón do Camiño Francés- e pola súa complexidade estrutural, con presenza de ata seis recintos delimitados por murallas e fosos, ademais de



varios socalcos exteriores asociados, que dotan a todo o conxunto dunha gran monumentalidade.

Despois de escavar parcialmente o xacemento entre os anos 2006 e 2009, deixando á vista unha serie de edificacións e parte da súa muralla, a Xunta emprendeu novos traballos de limpeza e consolidación do asentamento baixo control arqueolóxico entre os anos 2020 e 2021, que veñen de rematar. Como resultado, o castro ten unha mellor estabilización e conservación e favorecese tamén a súa visita cultural.



HAI MOITO
DE
N
O
PRODUTO LOCAL

GADIS

#EnConfianza

O Inorde organiza a primeira marcha cicloturista pola Ribeira Sacra

O Inorde organiza, co apoio da Axencia de Turismo de Galicia, a primeira marcha cicloturista "A Ribeira Sacra Cycling Road", que levará aos participantes da proba a gozar da beleza paisaxística e natural que ofrece unha das zonas máis emblemáticas da provincia de Ourense: a Ribeira Sacra. O padriño desta primeira edición será Abraham Olano, campión do mundo no ano 1995 e tamén gañador de La Vuelta España.

A presentación deste evento deportivo tivo lugar no parador de Santo Estevo de Ribas de Sil, acto no que participou o presidente e a xerente do Inorde, Rosendo Fernández e Emma González, respectivamente; o xefe territorial da Vicepresidencia 1ª da Xunta, Manuel Pardo; o alcalde e o concelleiro de Cultura de Nogueira de Ramuín: César Parente e Raúl Soto, respectivamente; o alcalde de Esgos, Mario Rodríguez;



Presentación da marcha cicloturista na parador de Santo Estevo.

o alcalde do Pereiro de Aguiar, Luís Menor; o alcalde da Teixeira, Miguel Cid; o director técnico da proba, Serafín Martínez; e os representantes da Garda Civil, Damián Novoa e Juan Manuel Soto.

O presidente do Inorde dixo que con esta primeira edición da "A Ribeira Sacra Cycling Road" pretendemos "dar a coñecer e divulgar a riqueza natural e patrimonial desta zona", afirmando que a proba reunirá o vindeiro 12 de setembro "natureza, patri-

monio, viticultura e deporte, nun escenario sen parangón como é o corazón da Ribeira Sacra". Rosendo Fernández lembrou que este evento forma parte do convenio asinado entre o Inorde e a Axencia de Turismo de Galicia para colaborar entre ambas entidades na realización de diversas actividades de dinamización turística da provincia de Ourense.

No acto, conducido polo presentador de Deportes da TVG, Terio Carrera, participaron membros do

equipo Atum-General Tavira: Gustavo César Veloso, Alex Marque, Samuel Blanco e Álvaro Trueba, que están en Manzaneda preparándose para A Volta a Portugal; así como o deportista Carlos Canal do equipo Burgos BH, o único profesional ourensán que podería correr en La Vuelta España.

Percorrido

O evento deportivo, que percorrerá os municipios de Nogueira de Ramuín, O Pereiro de Aguiar, Esgos, Xunqueira de Espadanedo,

Parada de Sil, Montederramo e A Teixeira, ofrece aos participantes tres posibles percorridos para poder adaptala a todos os públicos: gran fondo de 115 quilómetros e +2700 metros de desnivel; medio fondo de 100 quilómetros e +2200 metros de desnivel; e o mini fondo de 65 quilómetros e +1400 metros de desnivel. Esta proba, de carácter non competitivo, terá lugar o día 12 de setembro, sendo a saída da mesma ás 9.30 horas, na localidade de Luintra, no Concello de Nogueira de Ramuín. O tráfico estará controlado, pero aberto, polo que os participantes deberán respectar as normas vixentes de circulación. Ademais, durante toda a marcha cicloturista deberán circular polo carril dereito. "A Ribeira Sacra Cycling Road" conta cun tramo cronometrado con circulación libre que incluírá a última subida, con ramplas do 24%. Así mesmo, os tres primeiros de dito tramo recibirán un premio especial.

LÍRICA REVUELTA

Prosaia
de Avelino Jácome

YA A LA VENTA

Kiosko Marcos, C/Bedoya 2, Ourense
Mercería Fina Cruz, C/Doctor Maraño 1, Ourense
Orixe Publicidade, C/Francisco de Moure 20, Ourense, Tlfs. 988 60 70 75, 672 43 58 91

info@jbainmobiliaria.com
988 10 20 75
www.jbainmobiliaria.com

www.orixepublicidade.es 988 60 70 75

Camisetas Personalizadas
a todo color desde 1 und.

Orixe
PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN
988 60 70 75

Francisco de Moure 20, Ourense

ORO Y PLATA
+25 años a su servicio
Sto. Domingo 37, Entresuelo, Ourense
enfrente confitería
988 232 903